



As mulleres tamén
temos algo que decir
sobre as eleccións.



Fai tan soio 50 anos as mulleres non podiamos votar. Eran os homes os únicos que estaban capacitados para decidir o futuro do país.

Hoxe, todos os partidos lémbrense de que existimos, de que somos o 52 % do electorado e en vísperas de eleccións prometen as mil maravillas.

Desgraciadamente xa aprendimos que unha cousa é falar, e outra, ben distinta, cumprilo falado. E temos que dicir que as forzas políticas deste país non fixeron nada por atacar con coherencia a opresión e marxinación da muller.

Falamos sobre todo de AP e UCD, empeñados en perpetuar a situación discriminatoria da muller no traballo (prescindindo de ela en momentos de crise, utilizándoa nos postos peor retribuídos...) empeñados en negar a realidade dos abortos clandestinos e mortes de mulleres que os tiveron que facer en condicións infrahumanas, etc.

Pero falamos tamén da esquerda que no Parlamento non cumpriu cos seus programas porque:

- non hai igoaldade real de postos de traballo sen discriminación de sexo.
- non houbo unha revisión da lei de divorcio.
- non se creou unha lei contra das agresións sexuais nin unha lei sobor do dereito da muller á interrupción voluntaria do embarazo, sen restriccións.

Falamos, por último de toda a esquerda non empeñada, como debera ser, na loita contra os privilexios dos homes.

Difícilmente as mulleres podemos confiar nos partidos. Dar o noso voto a cegas. Confiar nestas eleccións, nestas promesas.

QUE ESIXIMOS HOXE AS MULLERES?

— Postos de traballo para nós, regulación do traballo pras empregadas do fogar equiparandoas ao resto das traballadoras.

— Creación de guarderías en centros de traballo e barrios abertas as 24 horas do día. Lavanderías. Comedores.

— Educación non discriminatoria para nenos e nenas. Supresión da desigualdade educativa tanto no sistema de ensino, libros de texto, xogos, valores culturais.

— Facilitación do reciclaxe profesional ás amas de casa que desexen voltar a traballar fora da casa.

— Creación de centros de Saude Pública onde se atenda gratuitamente a contracepción e información sexual non discriminatoria.

— O dereito a elixir a nosa propia sexualidade e o recoñecemento da homosexualidade e o lesbianismo.

— Revisión da lei de divorcio. Gratuito, sen restricións e sen culpabels. Pensión a cargo do Estado.

— Lei contra as agresións sexuais ás mulleres.

— Lei sobre a interrupción voluntaria do embarazo, sin restriccións.

— Penalización dos medios de comunicación que difunden unha imaxe da muller como obxecto de consumo sexual ou incitadora de consumo, ou que presenten unha imaxe discriminatoria da muller en xeneral.

ESTAS SON AS NOSAS ESIXENCIAS.

A DEREITA AS NEGA.

A ESQUERDA ENSEGUIDA AS OLVIDA.

Pra nós o mais importante non é o voto e pesia todo decímoste que votes a aquela esquerda que tí penses que millor poda defender os teus intereses, **PERO SOBRE TODO:**

ORGANIZATE E LOITA CONOSCO

Porque a garantía de conseguir os nosos dereitos é a loita de todas nós.

Non debemos esquecer que as nosas conquistas deica hoxe (dereito ao voto entrada das mulleres no mundo laboral, na Universidade, a derogación das leis de adulterio, patria potestade, o sobreseimento das mulleres xuzgadas en Bilbao por abortar...) **SON REIVINDICACIONES QUE ACADARONSE FUNDAMENTALMENTE COA LOITA E ORGANIZACION DAS MULLERES.**

**MULLER: ¡UNETE A NOS PARA QUE
O TEU BERRO PODA SER
ESCOITADO!**

**¡VOTA POR TI MESMA, NON
IMITES NIN OBEDEZAS!**

ASAMBLEA DE MULLERES DE A CORUNA
ASOCIACION GALEGA DA MULLER DE SANTIAGO
COORDINADORA FEMINISTA DE VIGO